



CONCELLO
DO ROSAL
(Pontevedra)

DECRETO ALCALDÍA

Vistos que nos orzamentos do Concello para o ano 2016 consignáronse unha serie de subvencións nominativas nas áreas de cultura, deportes, e servizos sociais, destinadas a recoller as axudas para o fomento do deporte, das actividades humanitarias e sociais, da música, das actividades extraescolares, así como da cultura no Concello.

En virtude do disposto no artigo 28 da Lei Xeral de Subvencións, Lei 38/2003, de 17 de novembro, a forma de canalizar as citadas subvencións nominativas é a través da figura do convenio, onde se recollen as condicións e obrigas reguladoras das subvencións concedidas, tendo o mesmo o carácter de bases reguladoras tal e como sinala o artigo 65 do Regulamento de Lei Xeral de Subvencións.

Tendo en conta o orzamento do Concello do Rosal, no que se consignan as seguintes subvencións nominativas:

-23100-48 "Asociación Española contra o Cancro".....	300,00 €
-23101-48 "Érguete Baixo Miño".....	600,00 €
-23102-48 "Residencia San Telmo".....	300,00 €
-23103-48 "San Xerome Emiliani".....	2.490,00 €
-23104-48 "Avelaíña".....	600,00 €
-23106-48 "Asociación Conrazones".....	150,00 €
-23107-48 "Fundación Las Samaritanas de A Guarda".....	150,00 €
-23108-48 "Fibromiño".....	150,00 €
-32301-48 "ANPA Colexio Público".....	600,00 €
-32302-48 "ANPA CRA M ^a Zambrano".....	450,00 €
-33400-48 "Agrupación Musical".....	22.000,00 €
-33401-48 "Comisión Festas San Isidro".....	150,00 €
-33402-48 "Comisión Festas San Vicente".....	150,00 €
-33403-48 "Comisión Festas Novás".....	150,00 €
-33404-48 "Asoc. Cultural As Eiras.....	150,00 €
-33405-48 "Comisión Festas San Gregorio".....	150,00 €
-33406-48 "Comisión Festas San Martiño".....	150,00 €
-33407-48 "Asociación Veciños Río Folón".....	150,00 €
-33408-48 "Comisión Festas Saúde e San Blas".....	150,00 €
-33409-48 "Asoc. Ruta do Viño Rías Baixas.....	600,00 €
-34100-48 "Clube Suarez Marquier".....	400,00 €
-34101-48 "Atlético Novas Balonmano".....	16.457,24 €
-34102-48 "Clube Union Deportiva Ribera".....	7.341,91 €
-34103-48 "Clube Ciclista O Rosal".....	1.957,84 €
-34104-48 "Sociedade Caza A Rosaleña".....	150,00 €
-34105-48 "Clube Veteranos Futbol".....	150,00 €



CONCELLO
DO ROSAL
(Pontevedra)

Vista a documentación obrante no expediente así como as propostas de convenios reguladores das subvencións, e pese ó disposto no informe de intervención sobre o plan estratéxico de subvencións.

Visto o disposto no artigo 28 da Lei Xeral de Subvencións, Lei 38/2003, de 28 de novembro, así como 65 do Regulamento de Lei Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, que establecen que a forma de canalizar estas subvencións nominativas é a través da figura do convenio, esta alcaldía acorda:

Primeiro.- Aprobar os Convenios Reguladores das Subvencións Nominativas consignadas no orzamento do Concello do Rosal para o exercicio 2016.

Segundo.- Que a alcaldía do Concello, en nome e representación do mesmo, asine os convenios aprobados coas entidades beneficiarias, momento a partir do cal se formalizarán os mesmos, e por tanto se producirá o compromiso de gasto, sendo necesario para o recoñecemento da obriga e pago a presentación por parte dos beneficiarios dos documentos que acrediten a xustificación da subvención.

Terceiro.- Notificar os acordos adoptados a cada un dos beneficiarios das subvencións nominativas e dar conta do presente decreto ao Pleno na próxima sesión que este celebre.

O alcalde,

O secretario,

Jesús M^a Fernández Portela

Carlos Piñeiro Sarmiento